



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Transparencia e administración electrónica no ámbito da Administración local

CONVOCATORIA: Convenio de colaboración EGAP-CONCELLO DE PONTEVEDRA

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

| | | | | | |
|--|----------------|-------------------|-----------|------------------|------|
| CUALIFICACIÓN: | APROVEITAMENTO | PLAN: | CONVENIO | HORAS: | 21 |
| ADMINISTRACIÓN: | LOCAL | ESTADO: | CONVOCADO | ANO: | 2019 |
| MOD.IMPARTICIÓN: | PRESENCIAL | TIPOLOXÍA: | XERAL | EDICIÓNS: | 1 |
| DATA MATRÍCULA: Do 01/10/2019 - 08:00h ao 14/10/2019 - 23:55h | | | | | |

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Formar aos habilitados nacionais do Concello e da Deputación Provincial de Pontevedra e demais empregados públicos, en materia de transparencia e de Administración electrónica, perfeccionando os seus coñecementos para a súa aplicación no seus postos de traballo.

Metodoloxía: A formación centrará tentará conseguir o obxectivo proposto combinando espazos teóricos con experiencias reais de outras administracións e se establecerán espazos de intercambio e discusión que propicien a aprendizaxe colectiva.

DESTINATARIOS

Secretarios, Interventores e Tesoureiros, directivos e demais empregados públicos que presten servizo no Concello de Pontevedra e o seu organismo autónomo e na Deputación Provincial, e que realicen tarefas relacionadas co curso. De existir máis solicitudes que prazas terán preferencia os habilitados estatais de ámbalas dúas entidades e o persoal do Concello de Pontevedra e do seu organismo autónomo.

PROGRAMA

11-novembro-2019 (3 horas)

17:00 – 20:00 horas.

Transparencia. Especial referencia á normativa aplicable no ámbito local. Aplicación práctica da normativa de transparencia na Administración local.

12-novembro-2019 (3 horas) 17:00 – 20:00 horas.

Publicidade activa: concepto, contido, deberes e límites. Medios a través dos cales deben cumprirse os deberes.

13-novembro-2019 (3 horas) 17:00 – 20:00 horas.

Dereito de acceso á información pública e o control do seu exercicio. Límites de acceso e procedementos para o seu exercicio. As reclamacións en materia de acceso na información pública. Principais criterios dos órganos competentes para resolver as reclamacións en materia de acceso á información pública.

14-novembro-2019 (3 horas) 17:00 – 20:00 horas.

Ponderación entre o dereito á protección de datos e o dereito de acceso á información.

15-novembro-2019 (3 horas) 16:00 – 19:00 horas.

A administración electrónica ao servizo da cidadanía: aplicacións públicas que facilitan las relaciones cos cidadáns. Desenvolvemento das TIC cara un municipio homoxéneo e intercomunicado.

18-novembro-2019 (3 horas) 17:00 – 20:00 horas.

Reutilización da información no sector público ao servizo da transparencia.

19-novembro-2019 (3 horas) 17:00 – 20:00 horas.

A administración electrónica ao servizo da cidadanía: aspectos xerais e necesarios para o funcionamento electrónico da Administración Pública. Medidas a aplicar para a efectividade da transparencia na Administración electrónica.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

PONTEVEDRA

LOCALIDADE: Pontevedra

INICIO / FIN: 11/11/2019 a 19/11/2019

NUM. PRAZAS: 60

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 19/11/2019 ás 19:00h

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Salón de Actos do Edificio Administrativo da Deputación de Pontevedra, Avenida Montero Ríos, s/n do 11 ao 19 de novembro de 2019 de 17:00 a 20:00 horas, con excepción do día 15 de novembro con horario de 16:00 a 19 horas.